



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

XIII EDICIÓN DA SEMANA DO PINCHO

BASES:

- 1) O evento que a continuación se regula levará por nome “ **Semana do Pincho**”
- 2) Poderán participar neste evento todos aqueles establecementos hostaleiros con local aberto e en funcionamento no termo municipal de Betanzos.
- 3) O prazo de inscricións irá dende o día 13 ata o día 20 de novembro de 2024, tendo que realizarse a devandita inscrición **de xeito telémático** a través da Sede Electrónica do Concello de Betanzos ou de xeito presencial nas oficinas municipais segundo corresponda.
- 4) A “Semana do Pincho” terá lugar nos establecementos hostaleiros inscritos entre os días **29 de novembro e 8 de decembro de 2024**.
- 5) Os establecementos participantes non poderán repetir o mesmo petisco en dúas edicións consecutivas.
- 6) Durante o evento os establecementos participantes terán que pór a disposición da clientela, para a súa consumición, un pincho elaborado, nun horario entre as **12:30 horas e as 15:00** horas polas mañás, e as 20:00 horas e as 22:00 horas polas tardes nos días de semana, **e entre as 20:00 e ás 23:00 horas os venres e sábados das dúas fins de semana**. Este horario ten carácter de mínimo polo que aqueles establecementos que desexen amplialo poderán facelo.
- 7) Os propietarios ou responsables de todos os establecementos participantes estarán obrigados a acudir a calquera acto de promoción do evento que o Excmo. Concello de Betanzos estime oportuno, así como a colocar en lugar visible do seu negocio a publicidade e os distintivos subministrados por este.
- 8) Cada establecemento participante deberá elaborar un pincho, sendo os seus ingredientes e o seu prezo de libre elección por parte do mesmo.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

Ademais todos os participantes deberán ter o pincho preparado entre os días 21 e 22 de novembro para que o Concello poida sacarlle unha fotografía con vistas a ser publicada no folleto promocional.

Aqueles establecementos que así o prefiran poderán enviar a fotografía do seu pincho (con calidade suficiente para a súa publicación) á dirección de correo electrónico eventos@betanzos.net

Os establecementos que non poñan a disposición do Concello de Betanzos o seu pincho nas datas sinaladas para realizar a fotografía e tampouco envíen ésta á dirección de correo electrónico sinalada, quedarán excluídos da XIII Semana do Pincho de Betanzos.

- 9) Cada establecemento participante terá a disposición da clientela folletos cun plano de situación de todos os locais que formen parte deste evento. Estes folletos serán proporcionados polo Excmo. Concello de Betanzos.

Na parte posterior de cada un deles figurarán **5 recadros en branco** destinados a que cada establecemento que o cliente visite e no que deguste o seu pincho coloque **o seu selo distintivo (non se aceptará firma)**. Os clientes que completen os **5 recadros** selados por diferentes establecementos poderán depositar este mesmo folleto cos seus datos particulares no local que desexen, participando deste xeito nun sorteo e podendo ademais votar polo pincho que lle pareza o mellor. **Os establecementos participantes deberán levar a furna cos votos emitidos polos seus clientes ao lugar e na data que se lles indicará cando recollan a documentación para participar no evento. Se algún establecemento non entregara esta furna en tempo e forma, o Concello de Betanzos realizará de igual modo o recuento das papeletas para todos os fins necesarios e reservarse o dereito a adoptar as medidas que considere oportunas cos establecementos que incumpriran.**

O computo de todos os votos emitidos deste xeito determinará o gañador do concurso na súa categoría de premio popular.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

10) Aqueles establecementos que tomen parte neste evento estarán obrigados a participar no concurso que determinará o gañador do premio ao mellor pincho da “**Semana do Pincho**”, en calquera das súas categorías (premio do xurado e premio popular).

11) O establecemento gañador do premio do xurado escolleráse do xeito seguinte:

- Nunha primeira fase os participantes terán que acudir, na data e horario que se lles indique ao edificio Arquivo con seis dos seus pinchos. Os membros do xurado, a longo de varios días, catarán e puntuarán de 1 a 5 todos os pinchos. Da suma das puntuacións dos membros do xurado sairán os cinco establecementos finalistas (os cinco con maior puntuación).
- O sábado 7 de decembro o Excmo. Concello de Betanzos poñerá en coñecemento dos 5 finalistas a súa condición de tales.
- O domingo 8 de decembro os finalistas terán que acudir no horario que se lles indicará cando se lles comunique a súa condición de finalista ao 1º andar do edificio Arquivo con oito pinchos iguais entre si e descritos na súa solicitude. Nese momento o xurado determinado ao efecto realizará, coa presenza de todos aqueles que queiran asistir, a oportuna cata e farase público o nome do establecemento gañador.
- O xurado estará composto, por recoñecidos membros do ámbito gastronómico, nomeados a tal efecto pola Alcaldesa.

12) As presentes bases son de obrigado cumprimento. Calquera establecemento que as incumpra poderá incluso quedar excluído da “**Semana do Pincho**” en edicións posteriores.